

*En maio,
aínda a vella
queima o tallo.*

Ola meteobaianos e meteobaianas, oitava e **última entrega** do **Dígocho Eu** meteorolóxico.

Mes de **maio**, mes primaveral por excelencia que se reflicte nas festas dos Maíos espalladas por Galicia, co xa coñecido costume boirense de colocar os floridos ramallos en distintos lugares para espantar os meigallos.

En relación coa cultura popular, temos tamén o **refraneiro** sobre o tempo e o clima, que vimos analizando nos últimos meses.

O deste mes, no encabezamento, fai referencia á gran variabilidade do tempo nesta estación:

Os últimos fríos, o día 10 aínda tivemos unha mínima de **6,6°** na nosa estación Dígocho Eu; os primeiros calores, con **31,6°** de máxima xa o día 14 na estación da Aemet do cole; e chuvia debida xa non ás borrascas típicamente invernaís, das que este ano levamos ben poucas, xa que ata o pasado domingo, día 22, a estación de Meteogalicia de Cespón só levaba acumulados en maio **38** litros, e no que vai de ano só **579** litros.




Gráfico 1. Temperaturas máximas en maio

Gráfico 2. Temperaturas mínimas en maio




Gráfico 3. Máximas, mínimas e insolación

Gráfico 4. Máximas, mínimas e vento

Recordade que no resumo meteorolóxico do ano **2021** publicado na web do cole, recollérase a cantidade nada máis e nada menos de 2292 litros en Cespón o ano pasado, co que este ano danos que imos un pouquiño atrasados, non vos parece?

As últimas chuvias debéronse en cambio ás **tormentas**, como as da fin de semana pasada, orixinadas polas masas de aire frías que se descolgan cara o sur desas borrascas, agora moi ao norte, que contrastan moito co xa aire quente que aquí temos en superficie.

Finalmente, na despedida **agradecer** a colaboración do alumnado e profesorado implicado neste Dígocho Eu meteorolóxico (nas **fotos**, os participantes deste mes).



Foto 1. Carla e Marcos de 6º B



Foto 2. 5º B co seu titor David



Foto 3. 5º C co seu titor Sergio




Gráfico 5. Temperaturas e precipitacións

Esperamos non ter sido demasiado pesados e pesadas con tanto dato, que se máximas, que se mínimas; e con tanta palabra rara, que se isóbaras, que se inestabilidade vertical...

Pero gustaríanos darvos unha **última ensinanza** derivada de tanto dato:

Pensade en que os datos non son só sobre temperaturas ou chuvia, o mundo e a vida que vos rodea son un gran **conxunto de datos** que vos bombardea por todos os lados (publicidade, medios de comunicación, díxome-díxomes...). Coñecer e controlar todos eses datos axudaravos a estar protexidos e protexidas dos perigos que conleva todo o anterior, e faravos máis **libres**.

Así que analízade moitos datos e...

ata outra meteobaianos e meteobaianas!